



Os crimes da rúa Morgue

Edgar A. Poe

Edición a cargo de Francisco Villegas Belmonte

Os crimes da rúa Morgue

Primeira edición, xaneiro 2009

© do autor: Edgar Allan Poe
© das ilustracións: Fino Lorenzo
© da tradución: Susana Rodríguez Barcia

Maquetación: Natalia Susavila Moares

© da edición:
Edicións do Cumio, S.A.
A Ramalleira, 5 - 36140 Vilaboa (Pontevedra)
Tel. 986 679 035
cumio@cumio.com / www.cumio.com

© Reservados todos os dereitos.
De conformidade co disposto na lexislación vixente, o contido desta obra está protexido pola lei. Está prohibida a reprodución ou plaxio, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, fixada en calquera tipo de soporte, sen a preceptiva autorización por escrito.

ISBN: 978-84-8289-296-2
Depósito legal: VG 7-2009
Impresión: Imagraf
Impreso en España



OS CRIMES DA RÚA MORGUE

A canción que cantaban as sereas, ou o nome que adoptou Aquiles ao agocharse entre as mulleres, son cuestións enigmáticas, pero que non se achán máis alá de toda conxectura.

(Sir Thomas Browne)

As características mentais que adoitan calificarse de analíticas son, en si mesmas,

pouco susceptibles de análise. Apreciámo-las só a través dos seus resultados. Sabemos delas, entre outras cousas, que para aquel que as posúe en alto grao son fonte do máis vivo goce. Do mesmo xeito que o home varudo comprácese da súa destreza física e recréase en certos exercicios que poñen os seus músculos en acción, o analista atopa o seu pracer nesa actividade do espírito que consiste en *desenlear*. Goza mesmo coas ocupacións máis triviais, sempre que poñan en xogo o seu talento. Encántanlle os enigmas, os arcanos, os xeroglíficos, e en cada unha das solucións mostra un grao de *agudeza* que, para a mente do vulgo, semella sobrenatural. Os resultados, froitos do método na súa forma máis esencial e profunda, adquiren totalmente a aparencia dunha intuición.

A facultade de resolución vese, posiblemente, moi fortalecida polos estudos matemáticos, especialmente pola súa rama máis alta, que, inxustamente e tan só por mor das súas operacións retrógradadas, denomínase análise, coma se fose a análise *par excellence*. E, non obstante, calcular non

é en si mesmo analizar. Un xogador de xadrez, por exemplo, efectúa o primeiro sen esforzarse no segundo. De aí infírese que o xadrez, no relativo aos seus efectos sobre a natureza da intelixencia, é aprezado de xeito equivocado. Non vou escribir agora un tratado, limitareime a prologar un relato un tanto singular, con algunhas observacións pasaxeiras. Aproveitarei por iso a oportunidade para afirmar que o máximo grao da intelixencia reflexiva ponse a proba polo modesto xogo de damas de maneira máis intensa e benéfica que por toda a estudiada frivolidade do xadrez. Neste último, onde as pezas teñen movementos diferentes e singulares, con varios e variables valores, o que tan só resulta complexo é equivocadamente confundido (un desatino nada insólito) co profundo. Trátase aquí, sobre todo, de poñer en xogo a *atención*. Se fraquea un só instante, se comete un descoido, o resultado obtido é a perda ou a derrota. Como queira que os movementos posibles non son só múltiples, senón intrincados, as posibilidades de descoido

multiplicanse e, en nove de cada dez casos, triunfa o xogador máis concentrado e non o máis perspicaz. No xogo das damas, pola contra, onde hai un só movemento e as variacións son mínimas, as posibilidades de descoido diminúen, e como a atención queda un tanto distraída, as vantaxes que conseguen cada un dos contrincantes proveñen dunha *perspicacia* superior.

Para falar dun xeito menos abstracto, supoñamos unha partida de damas na que as pezas se reducen a catro raíñas e onde, naturalmente, non cabe esperar o menor descoido. Resulta evidente que (se os xogadores están en igualdade de condicións) só pode decidirse a vitoria en virtude dalgún movemento sutil, resultante dun forte esforzo intelectual. Privado dos recursos ordinarios, o analista penetra no espírito do seu adversario; polo tanto, identifícase con el, e con frecuencia alcanza a descubrir dunha ollada o único método (ás veces, en realidade, absurdamente sinxelo) polo cal pode inducir a error ou levalo a un falso cálculo.

Desde hai moito tempo coñécese o *whist*¹ pola súa influencia no que adoita chamarse facultade de cálculo, e homes de excelso intelecto deleitáronse con el dun xeito aparentemente inexplicable; namentres abandonaban o xadrez, por frívolo. Sen lugar a dúbidas, non existe nada de natureza semellante que poña a proba de tal forma a facultade analítica. O mellor xadrecista da cristiandade non pode ser outra cousa que o mellor xadrecista, mais a habilidade no *whist* implica a capacidade para triunfar en todas aquelas empresas importantes onde a mente se enfronta coa mente. Cando digo habilidade refírome a esa perfección no xogo que leva consigo a aprehensión de *todos* os recursos mediante os que se pode obter unha lexítima vantaxe. Estes recursos non son só múltiples, senón tamén multiformes e, con frecuencia, xacen en niveis tan fondos do pensamento que se fan inalcanzables para o entendemento ordinario. Observar con atención é recordar con claridade; e, nese

¹ Xogo de naipes con baralla francesa no que ten lugar o enfrontamento de dous individuos ou parellas adversarias.

sentido, o xadrecista concentrado con intensidade xogará ben ao *whist*, posto que as regras de Hoyle (baseadas no puro mecanismo do xogo) resultan, en xeral, comprensibles dabondo. Polo tanto, o feito de ter unha boa memoria e de proceder no xogo seguindo «o libro» son as condicións que, xeralmente, se toman como a suma total do bo xogar. Pero o talento do analista evidénciase en cuestións que superan os límites das simples regras. Caladamente, acumula cantidade de observacións e deducións. Posiblemente, os seus compañeiros fan o mesmo, e a diferenza na proporción da información obtida deste xeito non reside tanto na validez da dedución como na calidade da observación. O importante é saber o que debe ser observado. O noso xogador non se cingue só ao xogo e, aínda que este sexa o obxecto principal da súa atención, rexeitará deducións procedentes da consideración de elementos alleos ao xogo. Analiza a fisionomía do seu compañeiro, e cotéxaas coidadosamente coa de cada un dos seus opoñentes. Repara no xeito en que cada un ordena as cartas en cada man; a

miúdo calcula triunfo por triunfo e tanto por tanto e espreita a maneira en que os xogadores contemplan o seu xogo. Decátase de cada unha das variacións na fisionomía dos rostros a medida que avanza o xogo, recollendo moitas ideas sobre as diferenzas de expresión correspondentes á seguridade, a sorpresa, o triunfo e a contrariedade. Polo modo de levantar unha baza xulga se a persoa que a recolle será quen de repetila no mesmo pau. Recoñece a xogada feita con finximento polo ademán co que se arrojan as cartas sobre o tapete. Unha palabra casual ou involuntaria, a forma accidental coa que cae ou se vira unha carta, coa conseguinte ansiedade ou negligencia no acto de ocultala, a conta das bazas e a orde da súa disposición, a perplexidade, a vacilación, o entusiasmo, o temor; todo proporciona á súa percepción, aparentemente intuitiva, indicacións sobre o verdadeiro estado do xogo. Unha vez xogadas dúas ou tres mans, coñece perfectamente as cartas de cada un, e a partir dese intre bota as súas con tanta precisión coma se o resto dos xogadores tivese as súas voltas cara a el.

O poder analítico non debe confundirse co simple enxeño, xa que se o analista é necesariamente enxeñoso, o home de enxeño móstrase con frecuencia notablemente incapacitado para a análise. A facultade construtiva ou combinatoria coa que, xeralmente, se manifesta o enxeño, e á que os frenólogos –erradamente, ao meu parecer– asignáronlle un órgano aparte, por considerala unha facultade primordial, observouse con tanta frecuencia en persoas cun intelecto que lindaba coa idiotéz, que conseguiu chamar a atención de moitos estudiosos do carácter. Entre o enxeño e a aptitude analítica existe unha diferenza moito maior, en efecto, que entre a fantasía e a imaxinación, pero de natureza rigorosamente análoga. En realidade, observarase con facilidade que os enxeñosos posúen sempre moita fantasía namentres que o home *verdadeiramente* imaxinativo é sempre un analista.

O relato que segue a continuación poderá servir en certo modo para o lector como ilustración das afirmacións que anteceden.



Residía eu en París, durante a primavera e parte do verán de 18..., cando coñecín a un tal Monsieur C. Auguste Dupin. Procedía este cabaleiro dunha familia excelente –ou incluso podería dicirse que ilustre–, pero unha serie de circunstancias adversas sumíranos en tal pobreza que a enerxía do seu carácter sucumbira ante a desgraza, renunciando así ás súas ambicións mundanas e a recuperar a súa fortuna. Grazas á cortesía dos seus acredores quedoulle unha pequena parte do patrimonio, e os réditos que obtiña con iso bastábanlle, mediante unha rigorosa economía, para cubrir as súas necesidades vitais, sen preocuparse do superfluo. En realidade, os libros constituían o seu único luxo, e en París é doado facerse con eles.

O noso primeiro encontro tivo lugar nunha escura librería da rúa Montmartre, onde a coincidencia de que ambos os dous andáramos na procura do mesmo libro, tan raro coma de notable volume, serviu para aproximarnos. Os nosos encontros repetíronse unha e outra vez. Sentíame profundamente interesado pola pequena historia

da súa familia, que el contaba detalladamente con toda a candidez coa que un francés se abandona cando se trata de confidencias da súa propia persoa. Por outra parte, abraiábame a súa extraordinaria cultura; pero, sobre todo, chegábame á alma o exaltado fervor e a vívida frescura da súa imaxinación. Tendo en conta a índole dos meus intereses por aquel entón, sentín que a compañía dun home semellante resultaríame un tesouro inapreciable; e non vacilei en confiarme a el. Finalmente, acordamos vivir xuntos durante o tempo que durase a miña permanencia na cidade e, posto que a miña situación económica era algo menos comprometida cá súa, logrei que quedaran ao meu cargo os gastos do aluguer e a cuestión de amoblar –nun estilo que harmonizaba co carácter fantástico e melancólico do noso temperamento– unha decrepita e grotesca mansión abandonada moito tempo atrás por mor de certas supersticións sobre as que non quixemos indagar. O certo é que a casa se estremecía coma se fose afundir nun illado e solitario recuncho do *faubourg* Saint-Germain.

Se o noso xeito de vivir nesa casa tivera chegado ao coñecemento da xente, tomaríannos por tolos, aínda que dunha especie inofensiva. O noso illamento era completo. Non admitiamos visita ningunha. En realidade, o lugar do noso retiro era un segredo reservado celosamente para os meus antigos camaradas; e xa pasara moito tempo desde que Dupin deixara de andar con xentes e de frecuentar París. Viviamos só para nós.

Unha rareza do carácter do meu amigo –que outro nome podería darlle?– consistía en amar a noite pola noite mesma; e a esta *bizzarrie*, como a todas as demais súas, abandoneime tranquilamente, entregándome aos seus caprichos con perfecto deixamento. A negra divindade non podía permanecer sempre con nós, pero si podíamos falsear a súa presenza. En canto cegaban as primeiras luces do abrente, pechabamos de inmediato os pesados postigos da nosa vella casa e acendiamos un par de candeas, fortemente perfumadas, que só emitían un feble e lánguido resplandor, baixo o cal ocupabamos os

nosos espíritos en soñar, ler, escribir ou conversar, ata que o reloxo nos advertía da chegada da verdadeira escuridade. Saíamos entón collidos do brazo a pasear polas rúas, continuando a conversa do día ou deambulando ao chou ata moi tarde, namentres buscabamos entre as salvaxes luces e sombras da populosa cidade esa infinidade de excitacións mentais que pode proporcionar a observación silandeira.

Nesas circunstancias, non deixaba eu de reparar e admirar –aínda que xa, pola profusa imaxinación da que estaba dotado, cabía esperalo– unha peculiar habilidade analítica en Dupin. Parecía compracerse especialmente en exercitala –non exactamente en exhibila– e non vacilaba en confesar o pracer que lle producía. Xactábase, cunha risiña discreta, de que, fronte a el, a maioría dos homes tiñan como unha xanela no peito a través da cal podía verse o seu corazón, e adoitaba demostrar as súas afirmacións con probas moi directas e sorprendentes do íntimo coñecemento que tiña de min. Naqueles momentos, a súa actitude era fría e abstraída; os seus

ollos carecían de expresión, namentres a súa voz, polo común dun rico rexistro tenor, subía ata chegar a un timbre atiplado que parecería petulante de non ser polo ponderado e preciso das súa enunciación. Ao observalo nestas situacións, a miúdo reflexionaba eu na antiga filosofía da Alma dobre, e divertíame a idea dun dobre de Dupin: o creador e o analista.

Non ha de suporse, por canto acabo de dicir, que estou contando algún misterio ou escribindo unha novela. O que referín a propósito deste francés non é máis que o produto dunha intelixencia excitada ou quizais enferma. Pero o carácter das súas observacións no curso destes períodos apreciárase máis claramente a través dun exemplo.

Unha noite errabamos por unha longa e lixosa rúa, na veciñanza do Palais Royal. Absortos, aparentemente, nas nosas meditacións, non pronunciáramos unha soa sílaba durante polo menos quince minutos. De súpeto, Dupin rompeu o silencio con estas palabras:

—É un tipo moi pequeno, e estaría mellor no Théâtre des Variétés.

—Non cabe dúbida –repliquei inconscientemente, sen advertir naquel momento (polo absorto que estaba eu nas miñas reflexións) a extraordinaria forma na que o meu interlocutor coincidía cos meus pensamentos. Un momento despois, decateime e quedei profundamente abraiado.

—Dupin –dixen gravemente–, isto vai máis aló da miña comprensión. Confésolle sen rodeos que estou perplexo e que non podo darlle creto aos meus sentidos. Como é posible que vostede soubese que estaba a pensar en...?

Aquí detívenme, para asegurarme sen lugar a dúbidas de se realmente el sabía en quen estaba pensando.

—En Chantilly –dixo el–. Por que se interrompe? Estaba vostede pensando que a súa curta estatura incapacítalo para a traxedia.

Iso era, exactamente, o que viña constituíndo o tema das miñas reflexións. Chantilly era un ex zapateiro remendón da rúa Saint-Denis que, apaixonado polo teatro, encarnara o papel de Xerxes na traxedia homónima de Crébillon, pero conseguira tan só a mofa do público.

—Dígame, en nome do ceo –exclamei–, cal é o método, se é que hai un método, que lle permitiu a vostede penetrar no máis fondo da miña alma.

De feito, sentíame aínda máis abraiado do que estaba disposto a recoñecer.

—O froiteiro –respondeu o meu amigo– foi por el polo que vostede chegou a conclusión de que o remendón de solas non tiña estatura dabondo para Xerxes *et id genus omne*.

—O froiteiro! Asómbrame vostede! Non coñezo a ningún froiteiro.

—O home que tropezou con vostede cando entrabamos nesta rúa, fai uns quince minutos.

Lembrei entón que, en efecto, un froiteiro, que levaba sobre a cabeza un canastro con mazás, estivera a piques de derribarme por accidente cando pasabamos da rúa C... á que percorríamos agora. Pero érame imposible comprender que tiña iso que ver con Chantilly.

Non había en Dupin nin chisco de charlatanería.

—Explicareillo –dixo el–. Para que vostede poda comprendelo claramente, imos remontarnos primeiro no curso das súas reflexións desde o momento no cal falei con vostede ata o seu encontro co froiteiro en cuestión. Os elos principais da cadea son os seguintes: Chantilly, Orión, o doutor Nichols, Epicuro, a estereotomía, as pedras do pavimento, o froiteiro.

Existen poucas persoas que, nalgún momento da súa vida, non se entretiveran en retrotraerse no curso das etapas polas que atravesou a súa mente para chegar a unha conclusión. Esta ocupación está con frecuencia chea de interese, e aquel que a emprende queda abraiado pola distancia aparentemente ilimitada e a falta de conexión entre o punto de partida e o de chegada. Cal sería, logo, o meu pasmo ao escoitar as palabras que acababa de pronunciar o francés que non me quedou outra que recoñecer que estas se correspondían coa verdade. El continuou:

—Se mal non recordo, estiveramos falando de cabalos xustamente ao deixar a rúa C... Este foi o noso último tema de

conversación. Cando cruzabamos en dirección a esta rúa, un froiteiro que portaba un canastro na cabeza pasou a fume de carozo polo noso lado e empurrouno a vostede contra unha morea de lastros dun lugar onde a calzada estaba sendo amañada. Vostede pisou unha das pedras soltas, esvarou, e torceu lixeiramente o nocello; amosou anoxo ou mal humor, murmurou algunhas palabras, volveuse para mirar a morea de lastros e seguiu camiñando en silencio. Eu non estaba prestando atención especialmente ao que vostede andaba a facer, pero, nos últimos tempos, a observación converteuse para min nunha especie de necesidade. Mantivo vostede os ollos cravados no chan, ollando, con expresión petulante os buracos e sucos do pavimento (polo que deducín que seguía vostede a pensar nas pedras), ata que chegamos ao pequeno paso chamado Lamartine, que –a modo de proba– pavimentouse con bloques ensamblados e remachados. Aquí o seu rostro animouse e, ao percibir movemento nos seus beizos, non tiven dúbidas de

que murmuraba a palabra «estereotomía», termo que, pretenciosamente, aplicouse a esta clase de pavimento. Sabía que para vostede sería imposible pronunciar a palabra «estereotomía» sen verse levado a pensar en átomos e, por conseguinte, nas teorías de Epicuro; e como cando discutimos este tema, non fai moito tempo, lembro terlle feito notar de que curioso xeito –bastante descoñecido– as imprecisas conxecturas daquel nobre grego se confirmaron na recente cosmogonía das nebulosas. Comprendín, polo tanto, que vostede non podería evitar alzar os ollos cara a gran nebulosa de Orión, e certamente esperaba que o fixese. Efectivamente, mirou vostede cara ao alto e sentín a seguridade de ter seguido correctamente os seus pasos ata ese momento. Pero na amarga crítica a Chantilly que apareceu publicada no *Musée* de onte, o escritor satírico fai algunhas penosas alusións ao cambio de nome do remendón antes de calzar os coturnos, e cita un verso latino do que temos falado con frecuencia. Refírome a este:

*Perdidit antiquum litera prima sonum.*²

—Dixéralle a vostede que este verso referíase a Orión, que ao principio escribíase Urión; e dada a discusión tan apaixonada que tivemos acerca da miña interpretación, estaba seguro de que vostede non a esquecera. Polo tanto, era evidente que non deixaría de combinar as dúas ideas de Orión e Chantilly. Souben que así fora polo sorriso que pasou polos seus beizos. Pensou vostede na inmolación do pobre zapateiro. Ata ese momento, vostede camiñara algo lombudo, pero de súpeto ergueuse en toda a súa estatura. Entón tiven a certeza de que vostede andaba a pensar na diminuta figura de Chantilly; e foi nese punto cando interrompín as súas meditacións para facerlle notar que, en efecto, era un tipo moi pequeno –o tal Chantilly– e que estaría mellor no Théâtre des Variétés.

Pouco tempo despois disto, liamos unha edición nocturna da *Gazette des Tribunaux* cando os seguintes parágrafos chamaron a nosa atención:

² Perdeu a primeira letra o seu antigo son.

Estranos asasinatos.

Esta madrugada, ao redor das tres, os habitantes do *quartier* Saint-Roch foron espertados polos espantosos alaridos que parecían provir do cuarto andar dunha casa situada na rúa Morgue, ocupada, segundo din, por unha tal Madame L’Espanaye e a súa filla, Mademoiselle Camilla L’Espanaye. Despois dalgúns esforzos inútiles para poder penetrar no interior da vivenda do xeito regular, forzouse finalmente a porta cunha ganzúa, e oito ou dez veciños entraron en compañía de dous xendarmes. Para aquela os beiros xa cesaran, pero cando o grupo remontaba o primeiro tramo da escaleira escoitáronse dúas ou máis voces ásperas que rifaban violentamente e que semellaban proceder da parte superior da casa. Cando o segundo piso foi alcanzado, as voces calaron de novo e reinou un profundo silencio. Os veciños separáronse e comezaron a percorrer

precipitadamente habitación por habitación. Ao chegar a unha gran cámara situada na parte posterior do cuarto andar (na que a porta, pechada por dentro con chave, debeu ser forzada), presenciaron un espectáculo que lles produciu tanto horror coma estupefacción.

O apartamento achábase na maior das desordes: os mobles, rotos, lanzáranse en todas as direccións. Había un único leito, que fora desfeito e o seu colchón arroxado ao medio do piso. Sobre unha cadeira había unha navalla manchada de sangue. Sobre a cheminea aparecían dous ou tres longos e mestos guechos de cabelo humano igualmente impregnados en sangue e que semellaban ter sido arrincados de raíz. Atopáronse no chan catro napoleóns, un pendente de topacio, tres culleres grandes de prata, tres máis pequenas de metal *d'Alger*, e dous sacos que contiñan preto de catro mil francos en ouro.



As gabetas dunha cómoda disposta nun ángulo abríranse e foran, aparentemente, saqueadas, aínda que numerosos artigos permanecían nelas. Descubriuse unha pequena caixa forte de ferro debaixo da cama (non debaixo do colchón). Estaba aberta, coa chave aínda na porta. Non contiña nada ademais dunhas cartas vellas, e outros papeis de pouca importancia.

Non había rastro algún de Madame L'Españay, pero ao notarse unha cantidade pouco usual de feluxe ao pé da cheminea procedeuse a rexistrala, e (que horrible cousa para relatar!) atopouse alí o cadáver da súa filla, cabeza abaixo, o cal fora metido á forza pola estreita abertura e empurrado cara a arriba unha distancia considerable. O corpo estaba aínda quente. Ao examinalo advertíronse nel numerosas raspaduras na pel, producidas, sen dúbida, pola violencia coa que fora introducido e pola

que requiriu arrincalo de alí. Sobre a face víanse profundas rabuñadas, e na gorxa aparecían contusións case negras e fondas marcas de unllas, como se a vítima tivera sido estrangulada ata a morte.

Despois dunha minuciosa búsqueda en cada recanto da casa, sen que aparecese nada novo, os veciños introducíronse nun pequeno patio pavimentado da parte posterior do edificio e atoparon o cadáver da anciá, a cal fora degollada tan salvaxemente que, ao tratar de levantar o corpo, a cabeza desprendeuse do tronco. O corpo, igual que a cabeza, manifestaba horribles mutilacións, e apenas era recoñecible nel a forma humana.

Ata o momento non se achou a máis mínima clave que permita solucionar tan horrible misterio.

A edición do día seguinte contiña estes detalles adicionais:

A traxedia da rúa Morgue.

Diversas persoas foron interrogadas con relación a este terrible e extraordinario suceso, pero nada transcendeu que poida botar algunha luz sobre el. Damos abaixo os testemuños obtidos:

Pauline Dubourg, lavandeira, manifesta que coñecía desde facía tres anos ás dúas vítimas, un tempo durante o cal laváballes a roupa. A anciá e maila súa filla semellaban ter boa relación e amosábanse sumamente agarimosas entre si. Eran excelentes pagadoras. Non sabía nada acerca do seu modo de vida e dos seus medios de subsistencia. Cría que Madame L. dicía a boaventura para vivir. Tiña sona de ter cartos gardados. Nunca atopou a outras persoas na casa cando ía por roupa ou a devolvela. Estaba segura de que non tiñan ningún servente empregado. Afirmaba que na casa non había mobles, salvo no cuarto andar.

Pierre Moreau, estanqueiro, declara que desde hai catro anos vendía con regularidade pequenas cantidades de tabaco e de rapé a Madame L'Españaye. Naceu na veciñanza e residiu sempre nela. A defunta e a súa filla vivían desde había máis de seis anos na casa onde os cadáveres foran achados. Anteriormente vivira nela un xoieiro que alugaba as habitacións superiores a diversas persoas. A casa era de propiedade de Madame L. Ela desgustouse moito polos abusos que cometera o seu inquilino e ocupou persoalmente a casa, negándose a arrendar parte algunha. A vella señora estaba algo senil. A testemuña viu á súa filla unhas cinco ou seis veces durante os seis anos. Ámbalas dúas levaban unha vida moi retirada e tiñan sona de ter cartos. Escoitara dicir aos veciños que Madame L. dicía a boaventura, pero non o cría. Nunca viu entrar a ninguén, salvo a anciá e a súa filla, a un mozo de

servizo que estivo alí unha ou dúas veces, e a un médico que fixo oito ou dez visitas.

Moitas outras persoas, veciños, proporcionaran testemuños coincidentes. Ninguén falou de persoa algunha que frecuentara a casa. Ignórase se Madame L. e a súa filla teñen parentes vivos. Poucas veces abrían os postigos das fiestras dianteiras. Os da parte posterior estaban sempre pechados, sacando os da gran habitación na parte traseira do cuarto andar. A casa achábase nun estado excelente e non era moi antiga.

Isidore Muset, xendarme, declara que foi chamado cara ás tres da mañá e que, ao chegar á casa, atopou a unhas vinte ou trinta persoas reunidas alí que se afanaban en entrar. Forzou finalmente a entrada, cunha baioneta, non cunha ganzúa. Non lle custou demasiado abrila, pois era unha porta de dúas batentes que non tiñan pasadores nin enriba nin embaixo. Os

alaridos continuaron ata que a porta foi aberta, e logo cesaron de súpeto. Semellaban berros de persoa (ou persoas) que sufriran as máis agudas dores; eran berros penetrantes e prolongados, non breves e precipitados. A testemuña subiu de primeira as escaleiras. Ao chegar ao primeiro relanzo oíu dúas voces que discutían con forza e de xeito agre; unha delas era ruda e a outra moito máis aguda e moi estraña. Puido entender algunhas palabras provenientes da primeira voz, que correspondía a un francés. Estaba seguro de que non se trataba dunha voz de muller. Conseguiu distinguir as palabras *sacré* e *diable*. A voz máis aguda era dun estranxeiro. Non podía asegurar se era a voz dun home ou a dunha muller. Non entendeu o que dicía, pero tiña a impresión de que falaba en castelán. O estado da habitación e dos dous cadáveres foi descrito por unha testemuña na mesma forma na que fixemos onte.